

CN Pontareas ascende á División de Honra

Páxina 4

BNG esixe seguridade viaria en Moreira

Páxina 5

A Cañiza e O Covelo unéñse pola igualdade

Páxina 14

Mondariz prioriza estradas provinciais

Páxina 16

Balneario dinamiza o seu centro urbano

Páxina 17

**Entrevistas:
Galicia ante as Eleccións Europeas**

Páxinas 18 e 19

Mos completa o seu inventario vial

Páxina 20

O casco urbano do Porriño será unha gran Zona Verde

Páxina 22

O Carreiro do Rollo en Salceda é un espazo veciñal

Páxina 23



Especial Corpus Christi 2024

Páxinas 6 a 9

Entrevistas



Nava Castro | Alcaldesa de Pontareas
"O Corpus é candidato a Patrimonio Inmaterial da Humanidade"

Juan Carlos G. Carrera | Tenente de Alcaldesa
"Este será o Corpus máis emocionante"

Páxinas 10 e 11



Siempre cerca de ti

HASTA **50%** DE DESCUENTO

pikolin Los Nº1 en venta de electrodomésticos en nuestro país

BOINSCON CENTER

euronics

Concha Brey, 4
PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115
609 85 14 52

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Que podemos esperar de Europa?

O vindeiro día 9 de xuño se-remos chamados a votar. Nesta ocasión votaremos para elixir aos novos deputados que conformarán a asemblea xeral da Unión Europea (UE).

O panorama que se nos presenta resulta bastante preocupante. Corren aires de que Europa vai ser “ocupada” por forzas conservadoras que teñen por horizonte a consolidación dos grandes oligopolios; os que xa veñen controlando a riqueza do mundo dende hai bastantes anos.

No Estado Español aparecen varias forzas políticas que nos chaman a darlles o noso voto. Entre elas existen diferencias importantes. Por unha banda temos aos socialistas que tentan manterse no poder europeo acompañados por outras forzas socialdemócratas de distintos países da UE. De seguido atopamos aos conservadores que din estar en condicións de arrebatar o Poder do Parlamento Europeo para que non se meta coas súas políticas de explotación e de contaminación do territorio. Son os que din NON ao ecoloxismo, NON á inmigración; NON ao control das grandes empresas que cada vez son máis grandes e cada vez pagan menos impostos, tal como xa indicabamos no noso editorial do pasado mes de maio.

Pero hai un elemento novo que non podemos pasar por alto: a presenza de forzas populistas que van contra tódolos avances que ata hoxe se foron conseguindo, sobre todo no eido da descontaminación atmosférica, contra o uso esaxerados dos recursos hídricos, contra os avances en materia de dereitos humanos, etc. etc.

Días atrás Pedro Sánchez, nunha das súas intervencións no Parlamento, fixo alusión ao contido dun libro que, curiosamente, lín tempo atrás: “Cómo mueren las democracias”, dos autores Steven Levitsky e Daniel Ziblatt. Este libro da a voz de alarma sobre os partidos que, dende unha postura populista, chegan ao PODER.

Para ilustrar as súas ideas sobre este peligro lévanos a recordar como chegaron ao Poder dos seus respectivos países figuras tan coñecidas como Mussolini ou Hitler.

No apartado deste libro que se titula “Alianzas fatídicas” comeza cunha Fábula de Esopo: “El caballo, el ciervo y el cazador”, que non me resisto a ofrecerlles polo significativa que resulta para o tema que nos ocupa.



“Un caballo decidiu vengarse de un ciervo venado que le habia ofendido y emprendió la persecución de su enemigo. Pronto se dio cuenta de que sólo no podría alcanzarlo y, entonces, pidió ayuda a un cazador. El cazador accedió, pero le dijo: 'si deseas dar caza al ciervo debes permitirme colocarte este hierro entre las mandíbulas, para poderte guiar con estas riendas, y dejar que te coloque esta silla sobre el lomo para poderte cabalgar estable mientras perseguimos al enemigo”.

El caballo accedió a las condiciones y el cazador se apresuró a ensillarlo y embridarlo. Luego, con la ayuda del cazador, el caballo no tardó en vencer al ciervo. Entonces le dijo al cazador: “Ahora apéate de mí y quítame esos arcos del hocico y el lomo”. “No tan rápido, amigo –respondió el cazador- Ahora te tengo tomado por la brida y las espuelas y prefiero quedarme contigo como regalo”.

O 30 de outubro de 1922, Benito Mussolini chegou a Roma a bordo dun coche-cama procedente de Milán porque o rei italiano tíñao convidado á capital para xurar o cargo de primeiro ministro e constituir un novo gabinete.

Vestido cun traxe negro, unha camisa negra e un sombreiro tamén negro dirixiuse trunfante cara ao palacio real do Quirinal. En Roma existía desconcerto social. Bandas de fascistas rondaban polas rúas. Mussolini, consciente da forza do espectáculo, presentouse ante o rei e saludouno: “Señor, disculpe mi atuendo. Vengo del campo de batalla”.

A realidade era outra. O groso dos “camisas negras” de Mussolini chegaron a Roma logo de que o Rei convidara ao seu líder a converterse en Primeiro Ministro. Restaurado o orden político co nomeamento de Mussolini e o socialismo en retroceso, o mercado bursátil disparouse polas nubes. Velloos estadistas aplaudiron e viron en Mussolini un aliado útil. Sen embargo, tal como a Fábula de Esopo, Italia non tardou en atoparse tomada por “las bridas y las

espuelas”.

Como chegou Adolf Hitler ao Poder? A súa capacidade para a insurrección quedara demostrada co ataque nocturno a unha cervexería de Múnic onde un grupo dos seus partidarios armados con pistolas se fixeron co control de varios edificios gubernamentais e unha cervexería de Múnic onde se atopaban congregados funcionarios bávaros. Por este feito pasou 9 meses en prisión. Alí escribiu o seu testamento persoal, “Mein Kampf (Mi lucha)” Logo desta situación, Hitler comprometeuse a chegar ao Poder pola vía electoral.

O Goberno electo en marzo de 1930 desmoronouse en plena Gran Depresión. Entón o Presidente aproveitou un artigo da Constitución que lle permitía nomear a cancilleres non eleitos. Así chegou Hitler ao Poder como candidato independente pero que contaba co apoio das masas e creían que podía controlar a situación.

As experiencias italiana e alemana exemplifican este tipo de “alianza fatídica” que acaba por elevar a figuras autoritarias ao Poder.

O que pasou despois con estes personaxes históricos dos últimos tempos xa é de sobra coñecido.

Podemos estar en España e tamén a nivel europeo nunha situación semellante?

Aquí coñecemos como partidos presuntamente democráticos blanquean conductas políticas que nada teñen que ver coa democracia representativa. Opcións políticas que insultan aos que son elixidos polas urnas e gobernan o País; que denuncian a chegada de inmigrantes porque din non son nacionais e polo tanto non teñen dereito á vida, que negan a violencia contra as mulleres, a defensa das fontes hídricas en perigo de extinción polo uso abusivo das augas subterráneas, etc. etc.

Nestes momentos asistimos a un bombardeo informativo constante de medios de comunicación que traballan para os seus amos (grandes emporios industriais, grandes entidades bancarias, etc.) que teñen como finalidade aumentar a súa riqueza que logo utilizarán para controlar ás sociedades que non poden enfrontarse ao seu poderío de maneira ningunha.

As vindeiras eleccións europeas non son algo intrascendente que vai celebrarse lonxe das nosas rúas, dos nosos pobos. O que alí se acorde e decida vai afectar as nosas vidas dunha maneira total e asoluta.

Hoxe tódolos países membros da UE teñen as súas normas lexislativas dalgún xeito controladas polos acordos do Parlamento Europeo e pola Comisión Europea. Polo tanto temos que examinar con moito coitado a papeleta que metamos na urna o vindeiro día 9 de xuño. Centremos a nosa atención naquelas forzas políticas que nos estean dicindo con claridade que é o que defenden; non teñamos a tentación de apoiar aos que non saben ben, a estas alturas, que van defender; opcións políticas que xa están armando coalicións de Poder sen preguntarse para que as van utilizar; só para controlarnos, dirixirnos.

En España temos opcións políticas que nestes momentos nos ofrecen mensaxes ambiguos; non se atreven a dicir con claridade cal será o seu comportamento unha vez chegados aos órganos de Poder europeos.

A dereita baila a comba entre os fascismos e os ultrafascismos. Úrsula von der Leyen, para poder continuar á fronte da Comisión, xa está lavandollela cara á fascista italiana Meloni. Feijóo tamén a aceptaría no seu grupo. Di que non é igual aos demais fascistas. Está claro que é mais guapa que Orbán pero non creo que a cercanía de Feijóo teña que ver coa beleza física senón coa súa filosofía política. Meloni permite en Italia as actividades de grupos de activistas contra o aborto, así como un control sobre os medios de comunicación e da Televisión pública. O sindicato de xornalistas italiano ven de denunciar o asfixiante control dos partidos contra a RAI.

En Galicia tamén nos xogamos moito. Ou temos unha voz forte que desenmascare a ALTRI ou dende Madrid e dende a Xunta son quen de contaminarnos o futuro e deixarnos sen as nosas rías e os nosos montes libres de contaminación.

A liberalización dos nosos ríos de tantos encoros coas concesións caducadas pero que seguen enchendo os petos das multinacionais, a liberación das nosas carreteras (léase AP-9) que nos ten custado un ollo da cara, a defensa das rías que son a nosa riqueza centenaria e que cada día se ve máis afectada por políticas agresivas, etc. etc. son valores que temos que defender e apoiar aos que sempre os defenderon con unllas e dentes.

Non o esquezan: o vindeiro día 9 para que poidamos erguer a copa dun bo viño albariño ou espadeiro.

FORO A PENEIRA

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Redactor Xefe: Roberto Mansilla Blanco.

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

O primeiro Corpus como Ben de Interese Cultural

O Concello presentou a nova edición da festa do Corpus Christi para este 2024, logo da apertura dos portais o 11 de maio. Unha edición que será a primeira coa distinción de Ben de Interese Cultural outorgado pola Xunta de Galicia, e que chega logo dos recoñecemento de Festa de Interese Internacional.

O pregón foi a cargo de Rogelio Groba Otero o 25 de maio cunha actuación posterior da Orquesta de Cámara de Galicia. Dentro das actividades tamén se atopan a entrega de medallas do Corpus Christi e a ofrenda aos alfombristas e videomapping.

Por outra banda, o Concello lanzou a primeira edición do concurso Balcóns Floridos, unha com-



petición na que se valorarán as distintas decoracións florais dos balcóns da vila para incentivar a decoración das vivendas e recibir ao Corpus Christi. O certame xorde

como unha iniciativa coa que poder reforzar o lazo entre a veciñanza e os espazos da vila mediante unha ornamentación acorde ás tradicións locais.

Presentación do Ateneo "Amado Garra"

O venres 17 de maio presentouse en Ponteareas o Ateneo Amado Garra.

No acto se lle fixo una homenaxe a Alejandro Viana e Pastor Candeira, ponteareáns republicanos responsábeis da atención humanitaria e evacuación de milleiros de refuxiados republicanos en Francia entre 1939 e 1940.

O presidente do Ateneo, Roberto Mera, deu lectura ao manifesto de constitución da asociación. Tamén se lle explicou ao público polo miúdo, os fins e actividades que desenvolverá o Ateneo.

Roberto Mera, como biógrafo de Alejandro Viana Esperón, repasou a súa vida e traxectoria así como a de Pastor Candeira.

Proxectáronse dous audiovisuais, producidos e realizados por



Emilio Rodríguez Otero un sobre a vida dos dous homenaxeados e outro no que se lles deu voz a Viana e Candeira, mediante a interpretación de fragmentos da súa correspondencia, memorias de exiliados e outros documentos.

O violinista Gabriel Craciun amenizou o acto. Ao remate do mesmo se sortearon cinco exemplares do libro "Alejandro Viana. Un galego á fronte do rescate dos refuxiados republicanos" entre as novas persoas asociadas ao Ateneo.

Critican o gasto de 12.000€ para unha alfombra

O BNG vén de cuestionar o contrato dunha alfombra por parte do goberno local para as escaleiras da Casa do Concello de Ponteareas, que se instalará nos vindeiros días e suporá un gasto superior aos 12.000 euros.

"Mentres lles din a veciñanza e entidades que non teñen diñeiro para apoiar as súas actividades ou satisfacer as súas demandas, continúan realizando gastos superfluos e destinan máis de 12.000 euros a unha alfombra de luxo para continuar primando os seus delirios de grandeza en vez das necesidades do municipio", conclúe o BNG.



Zona de prensa para o Corpus



O Concello habilitará o espazo de coworking do CDE, Centro de Dinamización Empresarial para os medios de comunicación acreditados como zona de descanso, punto de carga de equipos, consigna ou de envío de material. Tamén estará a disposición un espazo próximo a ese Centro para zona de aparcamento en Santa Ana.

Para facilitar o labor xorna-

lístico existen nove torres de gravación en altura ás que se podera acceder unicamente con acreditación e un máximo de 4 persoas a vez.

Tomando en conta que as alfombras contan este ano cun valado en todo o seu perímetro ao que so poden acceder os alfombristas, o Concello prega non acceder aos recintos das alfombras para evitar que sexan afectadas.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

CN Ponteareas ascende á División de Honra

O CN Ponteareas fíxose coa vitoria no campionato e o ascenso á División de Honra –xunto co CN Galaico de Pontevedra– logo de impoñerse nas probas da final da Liga Galega de Natación en 1ª división, disputadas o 11 de maio na piscina do Complexo Deportivo Álvaro Pino de Ponteareas.

Destacaron, a nivel individual, Sofía Carballo, que venceu nas 3 probas de braza 50, 100 e 200; Iria Lemos, que se impuxo en 50 Libre e 100 bolboreta; Carla Faro e Martín Carrera que venceron en 200 e 400 estilos; Alba Ortiz, vencedora nos 200 bolboreta,m; Naiara Eijo, vencedora de 50, 100 e 200 e Costas e Yoel González nas 200 costas.

O club do Condado, que se im-



puxo en todas as substitucións femininas, non puido contar para esta cita con dous nadadores importantes nas súas filas: Pablo Cabana, que cursa os seus estudos na Wingate University (Carolina

do Norte) e Carla Carrón, concentrada en Andorra coa selección española xa que foi unha das integrantes que clasificaron á substitución 4x200L feminino para os JJ00 París 2024.

Campaña #Quereoteumercado



O Concello presentou a campaña #Quereoteumercado da Xunta de Galicia co obxectivo de apoiar aos comerciantes locais e concienciar e impulsar as compras na vila por partes dos veciños e veciñas.

O director xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia, Gabriel Alén Castro, visitou o

mercado municipal acompañado pola alcaldesa Nava Castro, o concelleiro de Comercio, Ricardo González, o concelleiro Francisco Represas e as concelleiras Sílvia Fernández e Raquel Plana, así como diversos representantes do sector. Durante o percorrido, proxectouse un novo vídeo promocional da concellería de Comercio.

O BNG denuncia o estado de abandono do parque infantil de Angoares

O BNG denuncia o estado de abandono no que o goberno de Ponteareas ten o parque infantil de Angoares, no barrio da Abilleira, que é o único da parroquia.

Despois de que no mes de xullo ardera un elemento de xogo instalado, o concello aínda non o repuxo

o elemento nin sequera retirou o ferros do chan, o que supón un grave perigo para as crianzas. Ademais, os elementos de xogo e os bancos están ocultos pola maleza, xa que durante o último ano o Concello non desbrozou, tendo que facelo a veciñanza “avergoñada polo

estado de abandono no que se atopaba”, segundo sinala a propia Comunidade de Montes nun escrito presentado no Concello. No mesmo tamén advirte ao goberno tripartito que no caso de continuar esta desidia porán fin á cesión ao Concello do terreo do parque.



SEVERO
VINOS
COMIDAS
desde 1956
Morales Hidalgo Nº 3 PONTEAREAS
986 64 01 43 - 645 862 380

ELECTRICIDAD
BOUZA
ALFONSO Y DANIEL, S.L.
ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior
bouza@electricidadbouza.com
Rosalia de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

Moda - Decoración
Complementos
ROMERO
desde 1890
Constitución, 3 - PONTEAREAS
☎ 986 640 008

Servizos técnicos forestais
e obra do rural
Xirela
Azorín, 9 Estudio - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

ASADOR
BRASEIRO
Burger
PONTEAREAS
Avda. de Galicia, 25
986 958 003 - 683 196 555
Paseo Matutino, 2
886 216 626 - 604 007 103

PONTEAREAS

O BNG esixe seguridade viaria na parroquia de Moreira

Tras comprobar in situ a problemática, a deputada polo BNG Cristina Fernández Davila rexistrou no Parlamento Galego unha iniciativa para dotar de seguridade viaria á estrada PO-403, que une Ponteareas con Salvaterra, en concreto ao tramo que atravesa Moreira.

Este tramo carece de conexión peonil segura co centro da vila e concentra nun treito de 300 metros até oito enlaces de entrada ou saída coa autovía A-52. Fernández Davila tamén pediu mellorar a iluminación e sinalización.



O BNG propondrá no Parlamento Galego que o goberno da Xunta elabore un proxecto técnico que valore as distintas opcións a executar para dar solución ás necesidades de seguridade viaria.

Nova web co foco na cidadanía



O Concello presentou a súa nova páxina web institucional como resposta á necesidade da cidadanía dun espazo dixital renovado, accesible e intuitivo, adaptado aos novos tempos. Así, os usuarios e as usuarias poderán estar in-

formados en todo momento do referente a trámites administrativos, información institucional e demais acontecementos e novas que suceden na vila a diario. O seu deseño e execución deste novo espazo web proceden de recursos propios do Concello.

Marca comercial "Vila do Corpus"

Alcaldesa Nava Castro e o concelleiro de Comercio, Ricardo González, mantiveron un encontro coas e cos comerciantes e hostaleiros locais para presentar-lles a marca de merchandising de produtos téxtiles e chocolates "Vila Do Corpus", que o Concello vén de rexistrar.

Esta nova liña de produtos Vila de Corpus presentarase á cidadanía e visitantes co gallo das Festas do Corpus este 1 e 2 de xuño nun stand que se ubicará na contorna do Concello próxima aos tramos alfombristas. Os produtos doces como as chokolatinas dan a coñecer ás e aos nosos ponteareáns ilustres, Rogelio Groba, Reveriano Soutullo e outros. O Concello entregou tamén delantais bordados coa marca Vila de Corpus ás e aos hostaleiros no transcurso do encontro de presentación da marca.



O ponteareán Francisco Peña ingresa a Academia Andaluza de Ciencia Rexional

O 5 de xuño se realizará o acto solemne de lectura do discurso de ingreso na Academia Andaluza de Ciencia Rexional do investigador e colaborador co noso xornal Francisco

José Peña Castiñeira, e que versará sobre "Instituto de Academias de Andalucía". O seu relatorio será contestado polo Académico de Número, Ilmo. Sr. D. Manuel Marchena Gómez.

ATLANTICOLOR
FERRETERÍA
 Telf: 986 669 955
 C/ Sauce, 7 - PONTEAREAS
PERMITIDO ACCESO DE VEHÍCULOS
ZONA CARGA E DESCARGA max. 15 Minutos

Servicio integral a la construcción
DERIVADOS DEL CEMENTO
COVELO 986 644 036
 www.covelo.cc
 grupoluco@covelo.cc

PONTEAREAS GOYA PUB
 C/ Castañal 10 www.goyacafe.es.tl

La Giralda
 ESTÉTICA & PELUQUERÍA
Pasión por la Belleza
 C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
 986 660 477 / 660 860 645
 peluquerialagiralda@hotmail.com

El Escondite de Montse
 Plaza Mayor, 7 Bajo - Tel. 673280118 - PONTEAREAS
 SÍGUENOS EN Facebook EL ESCONDITE DE MONTSE

CENTRAL AGRICOLA
PONTEAREAS, S.L.
 Agro - Jardín - Ferrería
 comercialareas@hotmail.com
 986 66 11 91 - 629 52 24 18
 Areas Picoto 36861 - Ponteareas

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

PORTAIS DO CORPUS 2024



Portal Arco da Vella



Portal Elduayen - La Giralda 1



Portal Elduayen - La Giralda 2



Portal Fernández de la Vega



Portal Cantón de Boavista



Portal Praza Bugallal

ALONG GROUP

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios Inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra
Tel: 886 155 341 / 698 190 794
info@grupoolong.com www.grupoolong.com

Asesoría Técnica Agrícola

AGROITIS

Telfs.:
Oficina: 986 642 507
Pancho: 616 940 394
Cristina: 679 959 797

Avda. Ciclista
Dello Rodríguez nº4 baixo
36860 Ponteareas
agrovitis@agrovitis.es
www.agrovitis.es

acero plus
imprensa digital
IMPRESA · PUBLICIDAD · WEB

📞 986 66 03 61
📞 604 08 43 68

Paseo Matutino, 29 bj.
PONTEAREAS

www.aceroplusdigital.com
info@aceroplusdigital.com

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA
BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

ZOE
LENCERÍA

ESPECIALISTA EN TALLAS DE CORSETERÍA

C/Amado garró nº10, Ponteareas - Ma 18.22.47

By **Barriguiñas**
Especialista en
Ceremonia infantil, arras,
comunión e bautizo

📞 627053847

📍 María Garrido Carballido
Rúa Castañal 14, local 4. PONTEAREAS

PONTEAREAS



Portal Reveriano Soutullo



Portal A Castiñeira



Portal Rúa de Oriente



Portal Ferreiros - San Roque



Portal Rúa de Oriente 1



Portal Fonte do Baratillo



Portal Praza Maior 2



Portal Praza Maior 3



Portal Praza Maior

O pregoeiro Rogelio Groba Otero inaugura o primeiro Corpus como BIC

Ponteareas inaugurou oficialmente os actos centrais da celebración do Corpus Christi coa lectura do pregón a cargo do director e compositor Rogelio Groba Otero, acompañado no acto oficial pola alcaldesa, Nava Castro, polo tenente de alcaldesa, Juan Carlos Gonzá-

lez, pola deputada provincial Sandra Bastos e o deputado Alejandro Lorenzo.

O pregoeiro dirixiu despois da súa lectura á Orquestra de Cámara de Galicia, agrupación na que leva 25 anos á batuta, nun emotivo concerto na casa do Concello.

Ademais, nesta primeira xor-

nada inaugurada a exposición "Corpus en Flor" no Auditorio Reveriano Soutullo. Como colofón, o Concello inaugurou un videomapping conmemorativo do Corpus Christi, que será visible sobre a fachada do propio edificio consistorial nas noites dos venres e dos sábados.



ERDP
ERincón Del Perfumista
Tu Especialista en Cosmética Ecológica
Perfumes de Autor

886 311 003 | 633 535 053 | www.erdp.es | info@erdp.es
Paseo Matutino, 13. 36860 Ponteareas. Pontevedra

ellos
moda hombre

C/ Amado Garra, 15. Tlf: 680 130 804 - PONTEAREAS

OTunel
apas
Desde 1947

986 64 17 57 - Praza Maior 31, PONTEAREAS

CONDADO/PARADANTA

Programa Corpus Christi 2024

Sábado 11 maio

Apertura dos portais alfombristas. Actuación musical. Praza Bugallal.

Xoves 16 maio

10:00h. Alfombra das letras Praza Maior.

19:00 h. **Bailotea Festival**. Aparcadoiro Sarmiento Rivera.

Venres 24 maio

20:00 h. Presentación **revista "Pregón"** coa actuación de Zeus Alfaya e Serghei Masimov. Salón de Plenos.

20:00 h. Actuación do Grupo Folclórico de Padróns. Diversas rúas.

Sábado 25 maio

20:00 h. Inauguración da **exposición "Corpus en Flor"**. Auditorio Reveriano Soutullo.

21:00 h. Lectura do **Pregón a cargo de Rogelio Groba Otero** e actuación musical a cargo da Orquesta de Cámara de Galicia. Casa do Concello.

Luns 27 maio

20:00 h. Actuación do Grupo Folclórico Os Muíños de Oliveira. Diversas rúas.

Martes 28 maio

20:00h. Actuación do Grupo Folclórico de Areas. Rúas.

Mércores 29 maio

20:00 h. Agrupación Folclórica Algazara. Rúas.

Xoves 30 maio

20:00 h. Actuación do Grupo Folclórico Sadeo. Rúas.

Venres 31 maio

11:00h. Inauguración decoración colgante "Corpus Inclusivo". Praza Maior.

17:00 h. Xogos populares. Diante da Casa do Concello.

20:00h. Grupo Folclórico Pedra da Garza de Fozara. Rúas.

Sábado 1 xuño

18:00h. Inicio da **confección das alfombras florais**

21:00h. Salón de Plenos. Recepción de autoridades e percorrido polos portais alfombristas.

A partir das 22:00h. Música na rúa.

Domingo 2 xuño

10:30 h. Recepción das autoridades coa actuación da Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense. Casa do Concello.

11:30 h. **Misa solemne** cantada pola Coral do Centro Artístico Sportivo seguida da procesión acompañada pola Banda Cristo de la Victoria de León e Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense.

19:00 h. **Desfile de carrozas** e batalla de flores. Rúas do



centro urbano.

22:00 h. Actuación da Orquesta **Assia**. Praza Maior.

23:00 h. Actuación da Orquesta **Galilea**. Praza Bugallal.

23:45 h. Lanzamento de fogos artificiais.

Luns 3 xuño

12:00 h. Actuación de Animart. Praza Bugallal.

17:00 h. Inchables. Diante da Casa do Concello.

19:30h. Ofrenda floral In memorian aos alfombristas falecidos. Monumento ao alfombristas.

20:30 h. Acto de entrega das **medallas de Corpus Christi** coa actuación musical de **Amancio Prada**. Auditorio Reveriano Soutullo.

22:00 h. Actuación da Orquesta **Combo Dominicano**. Praza Maior.

Martes 4 xuño

20:00 h. Entrega de premios do **I Concurso de Balcóns Floridos**. Salón de Plenos.

VIDEOMAPING

Inauguración Sábado 25 maio ás 22:30h. Os venres e sábados de 22:30h. a 2:00h.

A noite de Corpus inicio ás 22:30 h a 6:00h.

Fachada da Casa do Concello.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

15 de maio de 9h a 22h. Campeonato Provincial Escolar de Combate de Taekwondo.

17 de maio Mini DHU Vila do Corpus. Casco urbano.

20 ao 30 maio Open tenis Vila do Corpus. Organiza club de tenis de Ponteareas. A Freixa.

26 de maio 9:00h. Clásica Álvaro Pino

6 de xuño I Trofeo inclusivo de petanca VILA DO CORPUS

ACTIVIDADES RELIXIOSAS

Sábado 1 Xuño

20:00 h. Santa misa vésperas do Corpus Christi .

Altar Praza Maior actuación da Coral do Centro Artístico Sportivo.

Altar Ferreiros Actuación de Os Zoqueiros.

Altar Ferreiros - San Roque actuación de Gabriel Craciun.

Altar da Castiñeira actuación de Saray Martínez Valiño.

Altar da Avenida Constitución. Mauro Cambra González.

Domingo 2 xuño

8:30 h. Santa Misa

10:00 h. Santa Misa

11:30 h. Santa Misa solemne

12:30 h. Procesión do Corpus Christi

20:00 h. Santa Misa

Luns 3 xuño


18:30 h. Santa misa por todas as persoas alfombristas finadas e misa sufraxio por Lorenzo Olarte.

Do luns 3 ao domingo 9 xuño

Octava do Corpus Christi

19:00 h. Exposición solemne e adoración do Santísimo.

20:00 h. Santa misa da Octava.



Marcha procesional e obra pictórica para o Corpus

O director da Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense, Xosé Lois Foxo, agasallará ao Corpus de Ponteareas coa obra "Marcha Procesional do Corpus Christi", que se estreará o domingo na saída da procesión.

A Banda recibirá a chegada da procesión interpretando a peza Antigo Reino de Galicia. No programa tamén está incluída a participación da Banda de Cornetas y Tambores Santísimo Cristo de la Victoria, procedente de León.

Así mesmo, a Alcaldesa Nava Castro agradeceu a aportación do pintor e deseñador Baldomero



Moreiras creador do collage de 47x47 cm. que será replicado en tamaño 5x5 m. nunha das alfombras florais. Aínda que natural de

Ponteareas. A súa composición trátase dunha rosa dos ventos e as pombas que simbolizan a paz que marcaron a infancia do autor polo seu paso na Vila.

Revista Pregón 2024



O Concello acolleu a presentación dunha nova edición da Revista Pregón para este Corpus Christi 2024. No acto participaron a alcaldesa, Nava Castro, o primeiro tenente da alcaldesa, Juan Carlos González e o responsable da revista, Gonzalo Fernández.

Esta presentación atópase no

marco do programa do Corpus Christi, unha edición marcada polo recente recoñecemento da festa como Ben de Interese Cultural, por parte da Xunta de Galicia. A presentación contou coa actuación musical da violinista local Zeus Alfaya acompañada do seu profesor Serghei Maximov ao piano.

O Ateneo Amado Garra preocupado polo novo valado das alfombras

O Ateneo Amado Garra, a través do seu Presidente Roberto Mera, transmitiu ao Concello de Ponteareas a súa preocupación pola decisión do goberno local de instalar un valado ríxido ao longo de todas as alfombras florais na festividade do Corpus deste ano.

A comisión de arte efémero do Ateneo, formada por persoas alfombreiras, considera un desacerto que a medida se adoptara "sen previa consulta aos colectivos implicados que son os que mellor poderían calibrar os pros e contras dese valado".

Un valado coma este pode ter un impacto negativo en aspectos esenciais deste arte, como contemplar as alfombras dende máis distancia e perspectivas.

O Ateneo tamén se amosa preocupado polas implicacións que



na seguridade cidadá pode provocar un sistema continuo de valado ríxido, especialmente nos tramos máis estreitos. Ademais, reduce e dificulta o acceso das persoas alfombreiras aos tapices en elaboración.

Para o Ateneo a decisión adoptada supón un elevadísimo gasto de alomenos 108.000 euros que non responde a ningunha demanda

das persoas alfombreiras e das súas asociación, e considera recomendábel que calquera acción e gasto que afecte ás alfombras se adopte previa consulta con estes colectivos.

A comisión de arte efémero é un foro de estudo, análise e promoción desta arte, da que Ponteareas ten recoñecemento internacional.

5.000 plantas para embelecer a Vila



De cara ao Corpus, o Concello levou a cabo a plantación de 5.000 flores e plantas para embeler tanto do centro urbano como das áreas axardinadas das pa-

roquias en parques, xardíns, e rotondas entre outras. Para garantir o mantemento das mesmas ao longo do tempo leváronse a cabo diferentes arranxos nos sistemas de rego.

Abrimos todos os días de 12 a 23:59h

Praza Maior, 19 baixo
PONTEAREAS

Non pechamos a cocina

PONTECAMPER

Alquiler de CAMPERs
y AUTOCARAVANAS

☎ **667 40 19 07**

www.pontecamper.com

Casas Locales Fincas Pisos

Ventas Alquileres Tasaciones Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020

Avenida Rosalía de Castro n°4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

CONDADO/PARADANTA

Entrevista de Guillermo Rodríguez Fernández

Nava Castro | Alcaldesa de Ponteareas

"O Corpus é candidato a Patrimonio Inmaterial da Humanidade"

Alcaldesa Nava Castro Domínguez vivirá o seu primeiro Corpus coa denominación de Ben de Interese Cultural (BIC) O momento é propicio para repasar os temas máis importantes da Vila cando se cumpre un ano do seu retorno como rexedora á Corporación Municipal.

O Corpus xa é BIC. Tivo algo que ver o seu paso por Turismo de Galicia?

Non sei se tivo que ver. Pero si que a insistencia na solicitude de ter o expediente perfectamente completo para poder estar declarado Ben de Interese Cultural inflúe tamén na traxectoria.

Está en marcha algunha nova distinción para o Corpus?

Si. Este paso era fundamental porque agora estamos como candidatos a Patrimonio Mundial Inmaterial da Humanidade. E ao estar agora como BIC tería tamén a distinción de Patrimonio Mundial.

Ten previsto algún tipo de diálogo coa oposición para rebai-xar a actual crispación nos plenos?

Nós tentamos facer iso, pero é complicado en situacións concretas. Cando se falan de temas acuciantes ou sensibles, pois loxicamente a crispación sae sen premeditar; espero que sexa así, claro. É entendible en temas candentes, sensibles que sexan da preocupación de tódalas persoas. **Como está organizado o encaixe dos actuais praceiros nas novas instalacións da Praza de Abastos?**

Recentemente tivemos a reunión nas novas instalacións para encaixar a todos os praceiros e praceiras. Acordamos que nos pasen tamén propostas e as distintas medidas que tamén as temos recollidas e terían cabida todos os que actualmente están na Praza

de Abastos. En principio é do agrado a proposta do borrador do proxecto e pretendemos darlle tamen máis vida a maiores con distintas instalacións como pode ser unha cafetería.

Había outro tipo de actividades comerciais previstas?

Efectivamente. Unha actividade como a cafetería-restaurante sería un atractivo mais para que se achegara todo o mundo á Praza de Abastos, non só pola mañá senón tamén polas tardes.

Esas prazas haberían que sacalas xa a concurso.

Evidentemente.

Espazos de lecer? Antes estaba previsto que ese espazo acollera festivais e espectáculos públicos. Queda algo para iso?

Como sabe todo o mundo asinamos un convenio de colaboración co Colexio de Arquitectos de Galicia para sacar o concurso de ideas para a nova Biblioteca 24 horas na antiga Praza de Abastos. Ese espazo ten tres pisos, 2.000m² ademais da Sala de Estudos.

Haberá aparcamento na nova Praza de Abastos?

Si, claro. Cando estea no proxecto. O proxecto é o que vai definir o aparcamento.

A parte Norte, as vivendas, os comercios, correspóndenlle ao propietario?

Non. O das vivendas cambiouno o goberno anterior. Aí o que está é o comercial que é para Gadís. Ten a licenza. Chegará ata a careteira.

Como pensa reorganizar o tráfico na rúa de Guillade? Sen afectar os espazos destinados ás aceiras dos nenos.

Efectivamente. Simplemente o que imos a facer é mellorar eses vadenes que incumpren porque son saltos demasiados grandes sobre todo tendo en conta que por aí poden pasar ambulancias e é unha contradición. Unha ambulancia nun caso de emerxencia ten que ir rápido e non pode estar evitando uns vadenes. As aceras non se tocan; serían unha plataforma única que está perfectamente contemplada. Melloraríase todo o firme e colocaría-se tamén regadío.

Con dobre dirección?

Non.

Entón os aparcamentos dos que viven aí afectaríalles.

Vaise a mellorar para a accesibilidade de todo o mundo.

Que cambios están previstos no uso rodado ou non das rúas e prazas da Vila? Haberá algún cambio de dirección nalgunha rúa?

En principio non. A única que cambiaría é a que dará saída aos taxis.

Aparcadoiros subterráneos. Sportivo si ou non? Hai outros lugares previstos?

Sportivo si e encantárame que no Colexio Número 1 tamén pero todo se verá co tempo.

Hai algunha conversa oficial, seria, coa directiva do Sportivo? Ten asinada algunha proposta?



Esperemos que en menos de dous anos estea listo o novo Centro de Saúde

Non polo momento. Hai algunhas conversas. Tamén hai posibilidades nos terreos de Santa Ana de ter a entrada subterránea. Pero, como todo, ten que desenvolverse.

Subindo plataformas ao aire libre ou sería subterráneo?

Non, sería subterráneo porque chega dende a entrada natural.

O novo Centro Médico aínda vai tardar uns anos.

Esperemos que menos de dous anos.

Mentres chega o novo, como vai presionar o Concello para dotar ao actual Centro de profesionais?

Estamos solicitando a cobertura das prazas. Loxicamente están cubertas as prazas pero hai bastante persoal de baixa; e as outras que non se cubren é porque non lles resulta atractivo, non é por falta de prazas senón por falta de médicos. Para resultar máis atractivo haberá entón que non falar mal de Sanidade, non falar mal deste Centro de Saúde para que a xente non se encontre que, de súpeto, vai vir aquí alguén

que estea en contra. Loxicamente os profesionais non van vir aquí cando se está falando mal, en contra.

Corpus 2024. Novidades?

Xa que temos o BIC imos a facer un valado embebecedor de todas as rúas. Haberá unhas gradas para todas aquelas persoas que se queren achegar sen necesidade de subir a vivendas particulares e ver, por exemplo, a Alfombra da Praza Maior. No Auditorio facemos tamén unha visión natural. Logo para os medios de comunicación teríamos unha torres ubicadas no percorrido para que poidan fotografar esas alfombras tan bonitas do noso Concello.

Aproveite para saudar aos ponteareáns por estas Festas do Corpus.

Animar a todos os veciños e veciñas a que participen como queiran no Corpus, sexan ou non alfombristas; poden embebecer os seus balcóns xa que sacamos un concurso de Balcóns Floridos e tamén un concurso de Escaparates que poden axudar a que Ponteareas, o día do Corpus, estea mellor que nunca. Esa é a petición; desexarlle a todos os ponteareáns unhas Festas en familia, disfrutando e que aquí nos teñen a súa disposición.

mp MARPI

Pisos Casas Solares Vendas Compras Alugueres

R/ Amado Garra, 11
PONTEAREAS
Tel.: 986 66 18 18
Fax: 986 64 47 29

e-mail: marpi@marpi.es - www.marpi.es

TAPERÍA - CERVEXARÍA

A Fragua

Telf: 622 024 787 - PONTEAREAS

viveiros canedo

CENTRO DE XARDINERÍA

Rúa Real, s/n - N-120
Km. 645,5
Ponteareas - Pontevedra

Telf. 986 669 960
info@viveiroscanedo.com
www.viveiroscanedo.com

Juan Carlos González Carrera | Tenente de Alcalde do Concello de Ponteareas

“Este será o Corpus máis emocionante”

Juan Carlos González Carrera (Alternativa Cidadá de Ponteareas, ACiP) volve ao goberno municipal, agora como Tenente-Alcalde de Nava Castro (PP). Falamos con el da actualidade da coalición de goberno co gallo das Festas do Corpus 2024.

Como Tenente Alcalde gostaria ter máis competencias?

Honestamente, non. Chegamos a un pacto de goberno baseado no entendemento e no diálogo. Estou satisfeito; non teño ningún ego por ter outras concellerías.

Nestes meses de goberno atopouse con algún tema que non é posible que poida resolver? En caso afirmativo cales, por culpa de qué e de quen?

O primeiro que fixemos foi tomar contacto coa realidade. Atopámonos con algunhas sorpresas a nivel de Orzamento. Arrancamos cun novo orzamento realizado xa pola coalición de goberno. Non me encontrei con ningunha situación que non se poida realizar. Certo que Administración os tempos son moito mais lentos do que quixéramos. Hai proxectos e iniciativas que se requiren o seu tempo.

Cales son os cambios importantes introducidos nas súas áreas de competencia?

O primeiro que tiñamos claro é que debíamos ter un contacto directo cos traballadores municipais. Algo esquecido tanto aquí como na Administración en xeral. Hai que transmitir positividade para que o traballador faga o seu traballo con esmero, profesionalidade e cercanía. Creamos mecanismos de coordinación entre os propios traballadores porque sabíamos da necesidade de cubrir postos vacantes existentes.

Por exemplo: en poucos días incorpórase un novo oficial de electricista; algo moi importante. Neste Concello só temos agora mesmo un. É dicir, esta persoa ten que estar localizable os 365 días do ano e as 24 horas. Logramos cubrir dúas prazas de oficiais de primeira, unha de peón de mantemento. Agora temos unhas brigadas de vías e obras cos medios e persoas necesarios. No alumeadado igualmente. Dúas novas prazas de axentes da policía municipal; prioridades básicas dende o primeiro momento traballando de cara ao cidadán.

Hoxe a atención ao cidadán faise directamente tan pronto entre pola porta. Acabouse a cita previa. Iso implica coordinar con outras tarefas, que poden facerse noutros horarios. Pola mañá atendemos á xente.

Ese aumento de persoal foi con fondos da Deputación, da Xunta o propios?

Con fondos propios, con medios propios do Concello, cos impostos dos veciños. Dentro do orzamento municipal existía un capítulo de persoal e prazas vacantes, que o goberno anterior non as cubría. Chegaban a final de ano en non tiñan diñeiro no Capítulo II de investimentos e facían eses cambios de trasvase. Entendemos que temos que ter unha brigada básica para desenvolver o noso traballo.

Cales son as diferencias máis

importantes entre o goberno, xa lonxano, do seu grupo con Nava Castro e o actual?

Naquel momento (2000-2003), cando estiven con Nava Castro pertencía ao mesmo grupo que ela. Agora mesmo son dous grupos que temos unha coalición de goberno, un pacto de goberno. As dúas partes sabemos perfectamente que responsabilidades temos e ese entendemento é fundamental para que funcione o pacto.

O medio rural foi algo sensible na súa acción como político. Cre que obtivo beneficios políticos dese seu posicionamento?

Os datos están aí. Non obtiven rendemento. O meu resultado está no casco urbano, é curioso cando eu son defensor nato do noso rural.

O rural non lle respondeu politicamente?

Non. Nalgunha parroquia concreta baixamos en votos, noutras subimos. O rural aporta o 50% e o casco urbán o outro 50% cando din que o noso voto vén do rural. Como dixen eu son un defensor nato do rural. Se alguén recurriu o Plan Xeral foi este grupo. E se ese plan está recorrido no Tribunal Supremo foi porque este grupo se mantivo para recurrilo. Iso foi unha das primeiras pautas claras na coalición. Seguiremos defendendo o recurso do Plan Xeral porque era un compromiso cos



No Concello acabouse a cita previa, atendemos directa e inmediatamente ao cidadán

nosos veciños e este plan prexudica principalmente á xente do rural.

A este propósito, un veciño de Puzo queixábase de que esta localidade "non existe para o goberno". Que non se lle permite edificar na súa parcela arredor da casa.

Está moi limitado o Plan Xeral no rural. Depende en qué zona estea esas limitacións prexudican nalgúns casos e aféctanlle directamente aos veciños. É un gran problema.

Logo, primouse o casco urbán?

Para min si. O Plan Xeral é como se fose unha mesa, que é o termo municipal, e aí hai un desenvolvemento dun tanto por cento de edificabilidade que permite a normativa.

Poido ser prevendo a posibilidade de ter que permitir máis edificabilidade en lugares concretos para poder dispoñer de chan para dotacións municipais como pode ser terreos para aparcadoiros?

Non, eu non o miro aí. Eu

miro no mal desenvolvemento que fixeron no casco urbano.

Qué sucede co aparcamento de Sarmiento? Pasa ao Concello? Pode construír aí o propietario?

Aí hai unha área de reparto e na mesma eles teñen que facer unhas cesións ao Concello. Iso está dentro da Lei do Solo de Galicia. Dentro desa cesión ten esa superficie que estamos utilizando agora.

Aí pódese construír?

Non.

Está de acordo cos cambios anunciados na rúa Xoán de Guillade?

O único que aí está previsto facer é suprimir os badens esaxerados que existen. Unha ambulancia tería serios problemas para chegar con rapidez pasando por esa via urbana.. Logo o que se vai tentar resolver é un problema que parece que agora quéreno centrar nunha clínica. Pero non é só esa clínica. O director do colexio Ramiro Sabell me dicía que teñen problemas co acceso do profesorado ao centro educativo porque están entrando por dirección prohibida. O problema está se pasa un accidente, se hai un atropello ou calquera circunstancia. Hai que buscar unha solución

CLOS
ZAPATERÍA
C/ Reveriano Soutullo, 5 - PONTEAREAS - @closzapateria

Saturnino Montero
IMPRESA
TIPOGRAFIA - OFFSET
IMPRESION DIGITAL
C/. Virgen de los Remedios, N.º 12
36860 PONTEAREAS (Pontevedra)
imprentamontero@gmail.com

TARJETAS DE VISITA
Y CARTELERIA
A TODO COLOR
TALONARIOS • RIFAS
CARTAS • SOBRES
CARPETAS • PUBLICIDAD
ROTULACION EN VINOLO
SELLOS DE CAUCHO
FOTOCOPIAS B/N Y COLOR
DISEÑO GRAFICO

Teléfono: 986 640 097
Móvil: 610 024 525

Mariquita
mimosas

Ropa infantil
Bordados
Confección a medida
Servicio de tintorería

CICLISTA EMILIO RODRÍGUEZ, 6
PONTEAREAS
mariquitamimosas@hotmail.com
986 182 659 - 656 860 074

CONDADO/PARADANTA

Continuación da entrevista a Juan Carlos G. Carrera

cidade cultural. Son os propios socios do Sportivo os que teñen que decidir que queren que se faga neses terreos.

Hai algunha proposta do Concello?

A proposta do Concello é chegar a un acordo co Sportivo e coas partes traseiras de todas as propiedades que temos nesa zona, que son máis que a propia superficie do Sportivo. E aí crear un aparcamento subterráneo que beneficiaría ao Sportivo porque sería soterrado; porque tamén podería preparar as instalacións do exterior e, por outro lado, un convenio que determine que, se ben iso é agora mesmo do Sportivo, ten que ter tamén un beneficio anual desa cesión ou desa parte de explotación. Estase valorando, estase facendo un estudo e farase unha proposta ao Sportivo. Agradezo a oportunidade xa que estamos falando do Sportivo sobre unhas declaracións miñas que crearon malestar nalgún socio do Sportivo. Eu non dixen que o Concello vai facer un aparcamento.

Tema deportivo. Que proxectos hai en marcha?

Hai un importante presentado recentemente polo Presidente da Deputación, Luís López, sobre a colocación de herba artificial no

Aumentamos a liña de axudas para o deporte de 75.000€ a 200.000€

campo de San Mateo (O Cruceiro), no que xoga o equipo decano feminino (Sporting Club San Mateo) que ten cinco equipos competindo e 90 fichas. Fixemos unha previsión de investimento de 377.000€.Igualmente actuaremos no campo do equipo de Santiago de Oliveira. Demoslle un cambio importante ás instalacións deportivas de Pardellas, cuxo céspede foi tamén arranxado. En primeiro lugar estamos a coidar as instalacións que temos e, por outro lado, aqueles deportes que son minoritarios e que ao parecer non teñen tanta repercusión mediática, tamén axudarllos a facer instalacións. Como proba pasamos de dunha liña de axudas de 75.000 euros a 200.000 euros.

Que pasa co camping de Pardellas?

Estase xestionando unha axuda por medio dun plan específico para facer unha limpeza interior e tamén unha actuación no sendeiro do río Tea. Temos o compromiso con dous festivais que se van a celebrar en Ponteareas, un deles o Afluente en xullo e

outro para as instalacións da acampada dos que vaian a chegar ao camping da Freixa. Imos contra reloxo pero esperamos poder chegar.

Aproveite Vde. para saudar aos ponteareáns co respecto á Festa do Corpus.

Son nativo de aquí e teño que dicir que este será o Corpus máis emocionante que podo vivir. E podo dicilo porque unha cousa é vivilo dende fóra; eu tamén fun alfombrista na rúa Froilán Soutullo e este ano, como Tenente da Alcaldesa e concelleiro de Cultura, tócame coñecer todo o que hai que facer para chegar a estas festas. E a verdade digo emocionado que é un traballo moi laborioso. Tamén quero dende aquí agradecer a todos os traballadores municipais do departamento de Cultura e todos aqueles que están involucrados e forman parte desta estrutura tan importante como é o Corpus. Como veciño podo dicir que é unha satisfacción persoal.

Gostaría desexarlle a tódolos veciños que desfrutemos dese día e que estamos impulsando unha serie de cambios para que Ponteareas mellore e estea no lugar que lle corresponde, e máis agora que fomos declarados como BIC.

Os castros de Altamira e Troña en realidade virtual

A Deputación de Pontevedra aprobou o convenio de colaboración por valor de 73.000€ cos Concellos das Neves e Ponteareas para implantar unha plataforma museográfica virtual de posta en valor dos castros de Altamira e Troña.

A iniciativa denominada 'Unha terra entre ríos', está contem-

plada dentro do Plan de Sustentabilidade Turística do Condado-Paradanta con fondos europeos Next Generation. Consiste nun proxecto museográfico virtual de realidade virtual que se integrará no portal web 'Trazas de Pontevedra', na que se mostrarán a historia, os costumes e a contorna dos castros.

Os 101 anos de Leonor



alcalde, Pablo Castillo, e a concelleira de Formación e Emprego, Lourdes Enes, visitaron este 27 de maio a Leonor con motivo do seu 101 aniversario na compañía do persoal da residencia de maiores de Covelo e dos residentes. Esta veciña de Sabarís,

Baiona, naceu e viviu sempre no seu barrio natal de Viso de Calvos xunto aos seus irmáns. Leonor lémbrese perfectamente do seu ano de nacemento, 1923, e recibiu o cariño tanto dos seus familiares como daquelas persoas do seu barrio que emigraron á Arxentina.

**Autoescuela
PONTEAREAS**
C/ Virgen de los Remedios nº 16
Tfños: 986 660 896 - 604 047 703

**PANADERIA
A BROA
CAFETERIA**
Puzo - San Mateo - Ponteareas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090
Despachos:
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

**CRISTALERIA
CONDADO S.L.**
Derivados do Vidro
AVDA. DE CASTELAO, 9
36860 PONTEAREAS
(Pontevedra)
Tf: 986 66 16 42
cristal@cristaleriacondado.com

**GNS GALICIA
NA SEÑORA
SAÚDE, SEGURIDADE E BENESTAR**
Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti
Rúa Progreso, 34 - VIGO
Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506

Fiosan
Construción en xeral - Reformas - Cantería - Panel sandwich
Vera, 24. San Mateo - 36862 PONTEAREAS. Telf: 664 193 533 - 608 175 675
fiosanconstruccion@gmail.com

CONCELLO
DE VIGO



VivirVigo

Sentir a seguridade, a limpeza, a calidade da auga, a mobilidade eficiente, os espazos verdes, as "azuis" praias e o paraíso das Illas Cíes. A gastronomía, a arte, a historia... a ilusión do Nadal.

Un Vigo cohesionado, inclusivo e igualitario. Máis fermoso, accesible, cómodo e comfortable que camiña seguro cara a un mellor futuro.

VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR

CONDADO/PARADANTA

A Cañiza estrea nova sinaléctica da Vía Mariana Luso-Galaica

O Alcalde da Cañiza Luís Piña achegouse ata o emprazamento da nova sinal na etapa 7 na Franqueira acompañado do Párroco Javier Alonso Docampo, a Presidenta da Asociación da Vía Mariana, María José Silva e o Secretario Miguel Anxo Antón. O investimento por parte do Concello foi de 408,39€.

O novo panel, deseñado pola Asociación co visto e prace do Concello, informa da chegada á séptima etapa da Vía, que dende Parada de Achas ascende por sendas de montaña pasando polo "Neveiro dos Frades" ata os 940 m. de altitude do "Coto da Vella",



lugar destacado polas súas vistas infinitas. O trazado descende dende aquí ata o Santuario da Franqueira polo Vía Crucis baixo a

Gran Cruz da Paradanta. Esta etapa de gran beleza natural da paso a Covelo, a través de Prado da Canda e a Lamosa.

En marcha as obras no campo de fútbol de Augas Férreas



O Alcalde da Cañiza Luís Piña informou do asinamento do contrato administrativo para a execución da obra coa empresa adjudicatária: PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S.A. que conseguiu a licitación cun

prezo de 571.438,34 euros.

O Contrato para a execución da obra recolle, entre outras estipulacións, que a empresa ten un prazo para reformar o campo de 11 semanas, dende o 27 de maio ao 12 de agosto de 2024.

A Cañiza e O Covelo unéñense pola igualdade

Os Alcaldes da Cañiza, Luís Piña, e do Covelo, Pablo Castillo, anunciaron a aplicación conxunta do programa "Clara", dirixido a promover a inserción sociolaboral de mulleres vítimas de violencia de xénero e mulleres en situación de especial vulnerabilidade, rexistradas en ámbolos dous Concellos. A empresa que desenvolverá este servizo presentará as accións que realizarán e conversará coa ANPA do CEIP Antonio Rodríguez Blanco, co persoal do Centro de Saúde Local e coas persoas asistidas.

O DOGA publicou o pasado 2 de maio a Resolución da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta, pola que se concede aos dous Concellos unha axuda de 16.420,80 euros



en concepto de subvencións. para a promoción da igualdade, cofinanciado pola Unión Europea no marco do Programa Galicia FSE+ 2021-2027.

O programa "Clara" leva este nome en honra a Clara Campoamor

(1888-1972), avogada, escritora, política e defensora dos dereitos da muller española. Consiste en asesoría xurídica e psicolóxica, sensibilización e formación en materia de igualdade, historia das mulleres e feminismo.

Rematan as obras nos camiños de Petán

O Alcalde Luis Piña e os responsables da empresa NAROM SL visitaron as obras de Raposeiras en Achas. O investimento final destas obras foi de 106.022,77 €.

Estas actuacións estiveron subvencionadas con 88.398€, polo Plan de Mellora de Camiños Rurais de AGADER da Xunta de Galicia, cofinanciado cos fondos europeos FEDER no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-



2027 de Galicia durante os anos 2023 e 2024.

Aberta a inscrición para a Escola de Verán

O Concello de Covelo abriu a inscrición para a Escola de Verán entre o 10 e 21 de maio que organiza o Concello da man do programa Corresponsables do Ministerio de Igualdade do estado español e

da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia. Co obxectivo de axudar a conciliar a vida familiar e laboral, a Escola de Verán abre as súas portas a nenas e nenos de 3 a 13 anos.

www.novasdoeixoatlantico.com

Ferretería

Julio Pérez Giraldez

Tel/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
C/ Progreso, 81
36880 A CAÑIZA
julloperezgiraldez@hotmail.com

CHAMBO LIBRIS
ASOCIACIÓN SOLIDARIA

- FOGAR DO LIBRO USADO
- OBRADOIROS
- RECITAIS
- TERTULIAS
- PRESENTACIÓN DE LIBROS

Rúa Alfonso Vázquez Fraile, 7 PONTEAREAS

milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

986 66 79 13 - Carballos, 10 - Pontearreas

milfollas@mundo-r.com



MERECES ELIXIR.

GADIS

CONDADO/PARADANTA

Catro novos distintivos SICTED no xeodestino Condado Paradanta

O Xeodestino Condado Paradanta conta con catro novos distintivos SICTED de compromiso de calidade turística que se suman aos 49 existentes e que contribuirán á posta en valor dos dez Concellos que forman este territorio: A Cañiza, As Neves, Arbo, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz Balneario, Pontearreas, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño.

No acto de entrega participaron alcaldes do sur da provincia, Turismo de Galicia, AGADER, Deputación de Pontevedra, Federación Provincial de Turismo e Hostalería FEPROTUR, e a nova asociación de Empresas do Turismo no xeodestino



Condado Paradanta, ASECOTUR, entre outras entidades públicas e privadas. Así, co apoio do GDR Terra e Auga e a Axencia Turismo de Galicia xa son 53 empresas as adheridas no territorio do Condado, Paradanta e Salceda de Caselas.

Mondariz prioriza estradas provinciais

A deputada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, Isabel Couso e o Alcalde de Mondariz, Juan Carlos Montes, analizaron proxectos en estradas provinciais considerados prioritarios para poder darlle un impulso a iniciativas que, nalgúns casos, veñen xa do 2017.

Destacan así a estrada provincial EP-4306 que une Ponte do Val e Barciademera, con varios anos sen ter a cesión dos terreos completada para poder dar o seguinte paso



no expediente. Ademais analizaron o proxecto de creación dunha senda peonil na estrada EP-4401 que une Mondariz-Balneario e Forzara, igualmente pendente da disposición dos terreos.

Bloqueo na negociación dos orzamentos

A concelleira de Facenda, Mónica Vázquez, e o Alcalde X. Carlos Montes anunciaron que informarán á cidadanía sobre o bloqueo dos grupos da oposición (PP, PSOE e BNG) en canto aos avances para

a negociación dos orzamentos. Vázquez sinalou que a ausencia de propostas para negociar e a falta de consenso para aprobar un orzamento impide que se executen aspectos que posibilitan o incremento do salario das traballadoras

do Servizo de Asistencia no Fogar (SAF), a execución de obras e servizos que melloran o día a día das persoas, pagar débedas incluso as contraídas con provedores e empresas locais, sanear a contabilidade e mesmo optar a subvencións.

Campaña contra o tabaquismo

Dende o 6 de maio, a Asociación Española Contra o Cancro e o Concello de Mondariz colaboran para ofrecer

formación e información orientada a abandonar o consumo de tabaco, a través de nove sesións que se realizan na Biblioteca.

Primeiro Serán das Letras

O pasado 18 de maio o Concello de Mondariz celebrou o I Serán das Letras da man de creadoras e creadores mondaricenses cun roteiro literario con música e natureza. No evento participaron os Versos de Area e Chambo Libris Pilar Alonso Suárez e Hortensia Bautista; de Poesía Nova, Mar Míguez, Eve e Dani Costa e

dos Nabos de Gracián, Sonia Melón, Eduardo Carreira, Xesús Bermúdez, Cone Juan Morado; tamén recitarán Samuel Merino, Antom Laia, Teresa Ramiro, Masha Álvarez, Fátima Domínguez, Fran Castro, Ana Fernández e Xandra Táboas. Esta iniciativa acadou o apoio de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

O Banco de Alimentos beneficiará a 43 familias

O Concello comezou o reparto de axuda do banco de alimentos local. Ante a falta de apoio das axudas prometidas por Política Social de Xunta de Galicia, o Concello comeza o reparto que contribuirá a cubrir as necesidades básicas de alimentación e hixiene de 43 familias, 16 delas con menores a cargo. A con-



celleira de Servizos Sociais, María José Álvarez, agradeceu ás empresas colaboradoras todas as súas aportacións.

Un Concilia Verán gratuíto en Mondariz

O Concello de Mondariz abre o prazo para a inscrición no campamento de conciliación familiar e laboral "Concilia Verán" que este ano non terá ningún custo para as familias grazas á subvención solicitada e aprobada de 22.089,76€. Dende o 22 de maio e ata o 11 de xuño as familias con nenas e nenos entre 3 e 12 anos poderán realizar a inscrición nas oficinas do Concello.

O campamento será nos meses de xullo e agosto no colexio Pé do Muíño. Este ano tamén se aumentan as prazas que pasarán de 50 a 60 rapaces/as. Outra das novidades que o Concello quere adiantar é o programa "Concilia Xove" para maiores de 13 anos, unha demanda das familias, que agora o Concello prevé satisfacer programando actividades deportivas e lúdicas dirixidas a este tramo de idade.



Mondariz felicita a Maite Isla como nova presidenta de CEAS-Sáhara

O grupo de goberno do Concello de Mondariz a través do seu Alcalde Calis Montes Bugarín, felicitou á mondarizá Maite Isla polo seu recente nomeamento como presidenta da Coordinadora Estatal de Asociaciones Solidarias con el Sahara (CEAS-Sahara).

Nun acto celebrado en Madrid, Maite Isla asumiu a presidencia logo do seu intenso labor como presidenta de Solidaridade Galega co Pobo Saharauí (Sogaps) tras 35 anos de traballo asumindo distintos postos de responsabilidade avalan o seu compromiso co pobo saharauí. Entre os obxectivos do seu mandato está reiterar o reco-



ñecemento do Fronte Polisario como único representante do pobo saharauí, actuar para esixir un cambio de posición política do goberno de España que actualmente

favorece a autonomía marroquí e establecer liñas de traballo político renovando e creando novas ferramentas institucionais implicando aos intergrupos parlamentarios.

Balneario dinamiza o seu centro urbano



O Alcalde de Mondariz Balneario César Gil informou que o Concello adquiriu unha parcela de máis de 3.000m² e varios edificios ruinosos no centro urbano, que eran propiedade do SAREB, por un valor de case 140.000€ grazas a unha axuda da Deputación. O obxectivo é recrear eses

espazos para diversas instalacións municipais como centro social, oficina de turismo, aparcadoiro e zona verde.

Gil destacou que o Concello vén amosando un continuo deterioro patrimonial, palpable no progresivo aumento de edificacións e vivendas en estado de abandono.

PERTE para mellorar os servizos da auga

Os Concellos da Cañiza, O Carballiño, Mondariz, Balneario, Maside e Melón asinaron o pasado 9 de maio un Poder en Notaría da Cañiza para outorgarlle ao Alcalde Luís Piña a representación para tramitar a concesión dun convenio de colaboración mutua para solicitar o PERTE de dixitalización do ciclo da auga.

Esta agrupación de Concellos solicitou unha axuda total de 4.999.683,60 €, ao amparo da orde publicada no BOE do 2 de agosto de 2023 que, de ser aprobada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demo-



gráfico, permitirá desenvolver proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga, no marco do Plan de Recuperación,

Transformación e Resiliencia. Unha subvención que beneficiará a unha poboación total de 28.065 veciños.

Concesión do quiosco do Ceo

O Concello de Mondariz abriu o prazo para a concesión demanial para a utilización privativa do quiosco da praia fluvial de O Ceo. O canon de

concesión establécese en 1.200 euros anuais e todas as persoas interesadas en participar deberán facelo antes do 6 de xuño, data de remate de presentación de pro-

postas. O quiosco ten unha superficie aproximada de 30m² e ofrece un servizo propio das áreas recreativas contribuíndo ao fomento do turismo no concello.

A Xunta apoiará iniciativas culturais en Mondariz

O Concello de Mondariz acada o apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta para o desenvolvemento de varias iniciativas culturais. Así se acordou na reunión mantida en Santiago de Compostela entre o alcalde de Mondariz, Calis Montes, e a concelleira de Cultura, Elena Naveira, co secretario xeral, Valentín García.

Entre estas iniciativas destacan as axudas para a vindeira edición da revista Mondaricus, para o Serán das Letras, accións de recoñecemento do escultor Francisco Asorey e para o primeiro certame de poesía. Calis informou que seguirá a manter reunións con diversos estamentos



das Administracións públicas para a colaboración sobre as necesidades, demandas e proxectos de Mondariz.

Pauta MOTOR
servicio integral para automovilismo

C/. Ramón y Cajal, 8 Telf. 886 03 01 15
36870 MONDARIZ info@pautamotor.com

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO

POLLOS POR ENCARGO
DROGUERÍA
FERRETERÍA
JARDINERÍA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO

VENTA DE PLANTAS
DISTRIBUIDOR OFICIAL Blona
CIMEROUCES Nº8 - MONDARIZ - T.: 986 656 218 / 649 449 459

PUNTO DE VENTA

Carlos PELUQUERO

Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

GALICIA ANTE AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO 2024

Entrevistas de Roberto Mansilla Blanco

Entrevistas a candidatos galegos nas eleccións ao Parlamento

De cara ás eleccións ao Parlamento Europeo previstas para o vindeiro 6-9 de xuño, falamos co/as principais representacións electorais dos partidos políticos galegos que compiten por obter os seus escanos para o período legislativo 2024-2029. As preguntas realizadas foron as seguintes:

1. Cales son as súas propostas principais para defender os intereses galegos no Parlamento Europeo?
2. Europa vive un momento de convulsión ante a auxe dos populismos e do euroescepticismo. Que iniciativas pensa impulsar para facer fronte a esta deriva política?

Estas entrevistas tamén foron enviadas aos candidatos Francisco Millán Mon (PP) e Borja San Ramón Tizón (Unidas Podemos Galicia) que finalmente non puideron responder. Pregamos desculpas aos nosos lectores.

Ana Miranda | Número 3 pola lista do BNG na plataforma AHORA REPÚBLICAS

"O BNG é a única voz que defende os intereses galegos na UE"

1. Cando afirmamos que o BNG somos a candidatura galega queremos dicir que somos a única que da voz á Galiza e que defende os seus intereses fronte ás políticas da Unión Europea. O noso mellor aval é o recoñecemento por parte dos concellos, dos colectivos e das plataformas que trasladaron a Bruxelas esas problemáticas e demandas.

Defender os nosos sectores produtivos é un dos nosos obxectivos principais. Hai que apostar por unha nova Política Agraria Común (PAC) que recoñeza as especificidades e características propias e que se aposte pola soberanía alimentaria en favor dun desenvolvemento sustentábel. É necesario ademais potenciar o apoio á produción ecolóxica, que se ten visto tan prexudicada polas decisións do goberno galego do PP.

Respecto á pesca, queremos establecer un novo status institucional para a Galiza na Unión Europea en materia pesqueira e recoñecela formalmente como "zona altamente dependente da pesca". Isto garantiría o dereito a decidir nas institucións comunitarias onde se adoptan decisións como as cotas e os acordos pesqueiros con terceiros estados, por exemplo.

O sector da construción e reparación do naval é tamén prioritario e estratéxico. Defenderemos a súa capacidade produtiva, permitindo medidas de intervención pública que garantan o seu desenvolvemento pleno.

Non me podo esquecer de Altri, a macroplanta de celulosa que o PP pretende instalar mediante o uso de fondos europeos. Trala recente mobilización en Palas de Rei estamos convencidos de seguir denunciando este desastre ambiental porque non imos permitir que con fondos europeos se financie este proxecto. Píares fundamentais tamén serán a protección do medio ambiente, apostando pola soberanía enerxética dos pobos e o impulso das renovábeis baixo criterios de racionalidade e sustentabilidade. Tamén serán prioritarios a xestión de residuos e o saneamento integral das nosas rías e ríos, tal e como fixemos co saneamento da ría do Burgo.

Ademais entendemos como prioritario impulsar infraestruturas ferroviarias –de pasaxeiros e mercadorías– e as conexións directas da Galiza co resto da UE. O impulso da intermodalidade, dos portos de Vigo e da Coruña, o Corredor Atlántico de mercadorías, e a conexión de alta velo-



cidade Vigo-Lisboa son elementos que tamén consideramos fundamentais para o desenvolvemento social e económico de Galiza.

2. O aumento da ultradereita débese, en parte, ás políticas desvoltas pola Unión Europea desde a súa creación e máis concretamente desde a crise económica de 2008. As forzas políticas de obediencia madrileña, no caso do Estado español, contribuíron a este ascenso convertendo a política nun espectáculo lamentábel. Mais, fronte a ese ruído e a esa lameira, no BNG apostamos por un traballo serio,

sempre cun sorriso, e na loita contra o avance da extrema dereita. Neste sentido quero salientar que como relatora do Informe contra o avance do neofascismo en Europa daremos a cara máis unha vez por Galiza e as clases populares e en contra do fascismo.

Ademais, fronte ao modelo socioeconómico actual da UE que defende políticas antisociais que afonda nas desigualdades económicas, territoriais e sociais, o BNG defende os dereitos da clase traballadora galega e das maiorías sociais. O BNG, e eu mesma, estará en fronte de quen intente recortar en dereitos sociais e liberdades.

Fronte ás políticas machistas e patriarcales, de discriminación por razóns de orientación sexual e identidade de xénero, o BNG loitará por políticas de igualdade, co feminismo e a defensa dos dereitos LGBT por bandeira. Fronte ao discursos de odio, modelos comunicativos de noticias falsas e censura, o BNG defenderá o pluralismo mediático e político, unha Europa de dereitos, liberdades e xustiza social. Denunciaremos o branqueamento do neofascismo.

E fronte a Europa deshumanizada actual, o BNG continuará a defender unha Europa dos Pobos, que teña como prioridade o respecto dos dereitos humanos, incluídos por suposto os das persoas migrantes e refuxiadas, cunha aposta decidida pola paz. Neste contexto só podemos dicir alto e claro cese ao fogo en Gaza xa!

www.novasdoeixoatlantico.com

CONFITERIA

Especialidade en rosquillas e melindres

Regino

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Pontearas 986 640 834

forjados
hinos. durain s.l.

www.forjadosduran.com

GALICIA ANTE AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO 2024

Entrevistas a candidatos galegos nas eleccións ao Parlamento

Nicolás González Casares | Número 11 pola lista do PSOE

"A maior ameaza á democracia é o ascenso da ultradereita"

1. Os socialistas galegos comprometémonos a seguir exercendo como o principal interlocutor político de Galicia diante das institucións europeas para que as prioridades do país contribúan a orientar o proxecto comunitario. Entre estas prioridades hai que salientar que na próxima lexislatura deberase abordar a negociación e aprobación do novo marco financeiro post 2027. Reclamaremos que non se vexa mermados os orzamentos adicados ás políticas de cohesión e desenvolvemento rexional, mundo rural e pesca, defendendo un reforzo do presuposto comunitario para abordalas con garantías.

Necesitamos tamén unha revisión da PAC para o establecemento de "cláusulas espello" -mesmo nivel de esixencia aos produtos importados- así como unha simplificación administrativa e redución burocrática. En canto á pesca, defendemos que se reforme a Política Común para buscar un mellor equilibrio do piar social e económico respecto do ambiental, unha maior atención e definición da pesca artesanal, reforzar o papel da muller e impulsar

a modernización da flota.

Galicia ten igualmente unha grande riqueza de recursos enerxéticos renovables autóctonos. Seguiremos promovendo que a transición ecolóxica sexa garantista, baseada na planificación e no diálogo coas rexións e sectores involucrados. Traballaremos para reducir a factura enerxética e mellorar a nosa competitividade. Trátase tamén dunha oportunidade industrial que defenderemos para atraer cadeas de valor e servizos asociados con capacidade para xerar emprego estable para as e os galegos.

Para nós é irrenunciable a promoción da lingua e cultura galega: imos a seguir impulsando a implantación do galego como lingua oficial na Unión Europea, así como iniciativas que promovan a conservación e difusión da cultura galega na Unión Europea. Promoveremos programas que apoiem as actividades culturais e a educación en galego.

Finalmente, debemos fomentar o desenvolvemento de infraestruturas críticas, como melloras nas redes de transporte e



en tecnoloxías dixitais co resto de Europa, prestando especial atención nas redes transeuropeas de transporte -en liña co compromiso do Goberno socialista para acelerar o Corredor Atlántico- e de enerxía.

2. Hai que falar das cousas polo seu nome: a maior ameaza á democracia europea hoxe en día ven da man do ascenso da ultradereita e a falta de con-

vicción da dereita clásica para manter o 'cordón sanitario' fronte a estas forzas que socavan a convivencia democrática e os dereitos de cidadanía, sendo que non só compra o discurso senón que cogoberna co extremismo en distintos Estados membros. Os socialistas non imos dar nin un paso atrás en defensa dos valores democráticos da Unión e na defensa dos dereitos das mulleres ou de colectivos ameazados por eses grupos, como o colectivo LGTBI.

Igualmente, para facer fronte ás solucións simples dos populismos, cómpre desenvolver políticas que aborden as desigualdades sociais e económicas, que son a raíz do descontento que alimenta o populismo. Iso inclúe iniciativas para o emprego, a educación e a protección social. Defendemos o impulso dunha axenda social sólida que protexa e garanta o benestar dos europeos, incluíndo un salario mínimo europeo, a transparencia salarial, o despregue do Pilar Europeo de Dereitos Sociais, unha Estratexia Europea de loita contra a Pobreza ou unha Garantía Infantil Europea. Tamén cremos necesario reforzar a transparencia e rendición de contas: promoveremos reformas que aumenten a transparencia das institucións europeas e que permitan achegar unha maior participación cidadá nas decisións políticas, o que axudará a mellorar a confianza na UE.

Juan Manuel Díaz-Villoslada | Número 10 pola lista de SUMAR Galicia

"A UE precisa de movementos como Sumar para facela máis crible"

1. "Galicia marca o rumbo en Europa" é o programa electoral co que, en conxunto coas propostas da nosa organización a nivel estatal, concorreremos aos próximos comicios europeos que se celebrarán o 9 de xuño. En Sumar, así como en Sumar Galicia, somos unha plataforma europeísta que promove un modelo social europeo baseado na solidariedade como eixo fundamental para a construción de cidadanía.

A Unión Europea precisa de movementos como Sumar para facela máis crible, democrática, máis social e máis cohesionada. Precisa de forzas políticas serias que marquen un rumbo transformador para que a xente viva mellor, para as mulleres e para a mocidade. De forzas políticas como Sumar e Sumar Galicia, pacifistas e consecuentes, que se opoñen á guerra de Ucraína e á invasión de Gaza e sentan as bases

para a paz, como o recoñecemento do Estado palestino, proposto pola nosa organización como condición necesaria para un pacto de Goberno no Estado. Pero tamén capaces de fomentar unha transición ecolóxica necesaria e xusta, contrarias a modelos como os de Altri en Palas de Rei, pero xerando alternativas de industrialización para Galicia. O Pacto Verde Europeo debe de ser panca para a nosa necesaria reindustrialización.

Galicia ten que formar parte activa no novo reto europeo. A nosa demografía, novas oportunidades de emprego e de atracción de talento, as nosas conexións ferroviarias con Europa. a Eurrexión co Norte de Portugal, unha terra que coide do seu territorio, do seu litoral, dos seus maiores; os nosos valores culturais e lingüísticos nunha Europa multicultural, son elementos estratéxicos na nosa acción po-



lítica en Europa.

2. O avance das forzas máis reaccionarias, a exacerbación da crise climática, o xenocidio do pobo palestino, a agresión rusa a Ucraína así como a crecente complexidade dos desafíos globais (financeiros, enerxéticos, ecosociais), afianzan o actual marco de encrucillada e cambio de ciclo

tamén en Europa.

Diante desta encrucillada, Sumar aposta por unha Europa social, por un novo contrato social na UE, por un europeísmo transformador, fronte a alternativas reaccionarias e unha volta a políticas de dura auteridade fiscal que estragan o modelo social europeo, o noso Estado de Benestar. A xestión solidaria e expansiva da pandemia, a resposta urxente de acollida da poboación ucraína, son respostas que demostran que unha Europa social pode afrontar os novos desafíos, internos e externos. Son respostas solidarias e compartidas por toda a Unión, radicalmente distintas aos modelos impostos durante a Gran Recesión dende a "ortodoxia fiscal" e que debemos de superar de forma estrutural para avanzar cara un proxecto europeo máis democrático e solidario.

Reformas nos Tratados para unha maior democratización da gobernanza europea, unha maior autonomía estratéxica, unha visión multilateral fronte a Europa "fortaleza", garantir unha transición dixital con dereitos, que poña o proxecto europeo ao servizo da nosa mocidade, son metas inaprazables para o vindeiro quinquenio europeo.

LOURIÑA

Mos completa o seu inventario vial

Alcaldesa Nidia Arévalo, o seu tenente de alcaldesa e concelleiro de Obra Pública, Camilo Grandal, e o edil de Patrimonio, Leo Costas, informaron de que o Concello inicia o procedemento de contratación dun Estudo Integral da Rede Viaria Municipal que a administración local financiará grazas á subvención de 10.000 euros que lle vén de ser concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, AGADER, da Consellería do Medio Rural.

Este Servizo de estudo integral da rede viaria municipal ven a complementar e mellorar o inventario de camiños e rúas co



que conta o Concello de Mos e data do ano 2016. Toda esta información recollerase, compilarase e entregarase nun arquivo vectorial compatible cos sistemas de información xeográfica (SIX) e estará definida no sistema de referencia ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989), fusa 29N).

EmprendeMos 2024

Alcaldesa Nidia Arévalo e a concelleira de Emprego, Julia Loureiro reuníronse cos participantes no PROGRAMA EMPRENDEMOS 2024 que se está a desenvolver na Axencia de Colocación mosense. A iniciativa municipal pretende valorizar o talento de cada emprendedor/a, así como ofrecer servizos de tutoría para desenvolver a idea de negocio, trámites e información sobre financiamento público e privado durante dous meses, a



través do Servizo de asesoramento. O programa lévase a cabo en colaboración con entidades como Espazo Coop (Rede Eusumo), Fundación Ronsel e Rede Araña.

Concello comproba a calidade das augas en Pereiras

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, lamentou que "unha vez máis e tras sete anos nesta liña, Ecoloxistas en Acción e a Comunidade de Montes de Tameiga continúen alarmando á poboación, con clara intencionalidade política de cara ás eleccións europeas de xuño" no relativo ao tratamento das augas na parroquia de Pereiras.

Técnicos municipais acudiron

a supervisar e inspeccionar a zona para verificar a procedencia e a calidade das augas referidas, que á vista e ao olfato semellan limpas e sen olor, sendo probablemente pluviiais das choivas destes días. Arévalo criticou a "alarma innecesaria" sobre un presunto verquido de fecais nas proximidades da Cidade Deportiva do RC Celta en Pereiras que, finalmente, non foi detectado.

Novo Parque Empresarial de Arrufana en Louredo

A directora de Estratexia industrial e solo empresarial da Consellería de Economía e Industria, Margarita Ardao e a alcaldesa de Mos, mantiveron unha reunión para abordar o novo parque empresarial de Arrufana en Louredo,

adjudicado pola Xunta en 2023.

O contrato para a elaboración do plan, autorizado pola empresa pública Xestur, pretende ordenar unha superficie de preto de 480.000 m² en terreos do concello para poñela á disposición do tecido empresarial.

Aprobada moción sobre vivenda

O Pleno do Concello de Mos aprobou por maioría, cos votos a favor do Partido Popular e en contra de PSOE e BNG, unha moción instando ao goberno de España

a retirar o Índice de Prezos de Alugueiros publicado no BOE o 15 de marzo de 2024, solicítase ao goberno a elaboración de estudos independentes de impacto no mercado.

**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!
MEJORAMOS EL PRECIO
DE TUS SEGUROS**

ENVÍANOS UN WHATSAPP Y
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO

Rúa do Pinar, nº13, Bajo B, O Pórrido
986 53 14 20
633 60 12 57
josefelia.bugarin@agencia.axa.es
segurosbugarin@gmail.com

633 60 12 57

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDIOS

- Reforzo escolar
- Motivación
- Técnicas de estudo
- Preparación de exames
- Orientación educativa

Avda. de Galicia, 4- 1º- PONTEAREAS. Telf: 675 088 316 - info@academiatempos.es

ASESORÍA DE EMPRESAS

ASE FISLA
SALCEDA S.L.

e-mail: paulo@asefisla.com

NL

Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.
CORREDURIA DE SEGUROS

e-mail: carlos@hnos-nunez.com

Praza do Concello, 14 - baixo. Telf: 986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136
SALCEDA DE CASELAS
Rúa Galicia, 14 - baixo - Telf: 986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358
SALVATERRA DE MIÑO

Comeza a restauración do Templete de San Luís

A Xunta de Galicia e o Concello do Porriño deron comezo ás obras de restauración do Templete de San Luís, que se adjudicaron por 224.843 euros. A estrutura deseñada polo arquitecto porriñés Antonio Palacios para acceder á estación do metro na Gran Vía en Madrid, construíuse en 1919 e desmontouse en 1970-71, despois de colocarse as escaleiras mecánicas como nova alternativa de acceso.

As actuacións previstas inclúen a limpeza e restauración da fábrica de pedra para, despois, realizar un revestimento de granito que permita recuperar o seu aspecto. Ademais eliminaranse os muretes que o delimitan no parque facilitando que sexa accesible desde



todas as direccións e proxectarase unha pavimentación con granito azul noite xerando un espazo propio dentro do conxunto do parque. O proxecto complétase coa instalación da visera para protexer o monumento das in-

clemencias meteorolóxicas e dar acubillo a posibles actividades, e un elemento de vidro semellante ao orixinal da parada do metro así como a incorporación dun novo sistema de iluminación de presenza e ornamental.

O alumnado coñece o "Cans do futuro"



Ao longo dos matinais do Festival, preto de 250 estudantes de 5º e 6º de Educación Primaria dos colexios do Porriño pasarán pola sección "Cans do futuro", que ten como obxectivo chegar aos máis novos ao cinema e coñecer máis

de cerca o Festival e a aldea de Cans.

Os institutos participantes son o CEIP Antonio Palacios, CEIP Budiño, CEIP Atios, CPR Hermanos Quiroga, CEIP da Ribeira, o CEIP Xosé Fernández López e CPR Santo Tomás.

BNG: "o goberno incumpre normativa europea de compostaxe"

Marcelo Rodríguez, concelleiro do BNG do Porriño, denunciou que "o Concello incumpre a lexislación galega e europea" sobre compostaxe tomando en conta que "non hai contedores marróns suficientes nas rúas, que só hai unha illa de composteiros en San Sebastián, cun funcionamento mellorable".



Os nacionalistas presentaron un rogo no último pleno para que o goberno de Alejandro Lorenzo implante medidas reais coas que cumpran coa lexislación europea e galega, entre elas a colocación de máis contedores marróns, máis illas de composteiros

e novas campañas de información sobre xestión da materia orgánica. O 31 de decembro de 2023 foi a data límite establecida dende a UE para a implantación da recollida diferenciada de materia orgánica nos Concellos para procesos de compostaxe.

Autocaravana itinerante para as parroquias

O 5 de xuño comezará o servizo directo e itinerante de atención cidadá do Concello para percorrer cada mércores as parroquias do Porriño a través dunha autocaravana que estará no mes de xuño no Centro Cultural de Mosende; no Centro Cultural de Cans; no Centro Cultural de Atios; e no Centro Cultural A Forná de Budiño. Posteriormente en xullo estará no Centro Cultural San Salvador de Torneiros; no Centro Cultural de Pontellas; e no Centro Cultural de Chenlo.

"Trátase dun servizo pioneiro en España co que reafirmamos o noso compromiso coa cercanía e a atención directa á nosa veci-



ñanza", explicou o Alcalde Alejandro Lorenzo. O obxectivo é "proporcionar unha cobertura completa ás diversas necesidades e demandas dos veciños e veciñas

do Porriño, incluíndo temas relacionados con servizos sociais, atención cidadá, urbanismo, limpeza, obras públicas e saneamento".

www.novasdoeixoatlantico.com

Bolboreta
TINTORERÍA & LAVANDERÍA

604 075 553

Rúa Fernández Areal 10-Bajo. 36400 O Porriño (Pontevedra)

Servicio a Domicilio Gratuito

Talleres
Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel./Fax 986 66 15 41

SPG TALLERES

Dietsana
DIETÉTICA Y SALUD Desde 1992

986 337 684
C/ Cando, 15
O PORRIÑO

986 642 719
C/ Alcalde Daniel Ojea, 10
PONTEAREAS

LOURIÑA

O PORRIÑO

O casco urbano do Porriño será unha gran Zona Verde

O Concello do Porriño avanzou na humanización do seu centro urbano dotando de partida orzamentaria un dos proxectos urbanísticos de maior impacto: a humanización da contorna do centro social que condicionará as rúas Antonio Palacios, Domingo Bueno, Ramón González e Pío XII creando un gran espazo público cunha Zona Verde e prioridade peonil.

O goberno municipal aprobou definitivamente a modificación orzamentaria que consigna a aportación municipal comprometida no convenio asinado coa Deputación de Pontevedra para executar



a primeira fase do proxecto. Concretamente 460.000 euros, o 33% do orzamento total. Simultaneamente, o Concello do Porriño está adquirindo os terreos necesarios para levar a cabo estas obras.

En marcha a Sala de Exposicións "Antonio Palacios"

O Alcalde, Alejandro Lorenzo, supervisou os traballos de acondicionamento da Sala de Exposicións "Antonio Palacios". Trátase dun céntrico espazo situado preto da Casa Consistorial, que dispón dunha superficie útil de 107,88 m² e que ata o de agora se atopaba totalmente lóbrego.

O obxectivo é que abra as súas portas este 2024 no marco do ano "Antonio Palacios. Patrimonio do Porriño" que conmemora o 150 aniversario do nacemento do arquitecto e os 100 anos da construción da Casa Consistorial.

As obras de adaptación requiren unha inversión de preto de 67.000 euros e céntranse na acometida



de instalacións de ventilación, climatización, electricidade, protección contra incendios e tamén a formación das fachadas, principal e traseira. Simultaneamente está

a traballarse no proxecto de musealización da sala, co obxectivo de que se garantice unha adecuada visión das pezas e a súa conservación.

BNG denuncia deficiencias en obras municipais

O grupo municipal do BNG no Porriño denunciou deficiencias en obras que tiveron un custo próximo ao millón de euros e que foron recentemente executadas pola Xunta de Galicia na contorna do Paso a Nivel do Porriño, particularmente na accesibilidade en tramos das beirarrúas da rúa Progreso así como na rúa Bos Aires.

A colocación dalgunhas xardineiras limita a anchura para o libre paso e dificulta o cruce de persoas con necesidades espe-



ciais. Ademais, ao non se intervir no tramo da beira pegada á vía do tren, non se elimina o importante desnivel existente entre a zona de tránsito de vehículos e a zona de peóns, mantendo nunha obra nova unha barreira arquitectónica.

PIE logra un 40% de inserción laboral



Desde mediados de febreiro está en marcha o Plan Integrado de Emprego (PIE) con 100 participantes, logrando a inserción laboral dun 40% deles segundo declarou Rosario Costas, Concelleira de Emprego e Formación.

O Alcalde, Alejandro Lorenzo entregou os diplomas dos 13 cursos impartidos en competencias como habilidades sociais, técnicas de venda, empre-

mento, búsqueda de emprego, manipulación de alimentos, manexo e uso seguro de carretillas elevadoras, entre outros cursos. Tamén ofrécese cursos de coaching, novas tecnoloxías ou idiomas, entre outros.

O PIE conta cunha subvención por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de 220.000€, que, xunto aos 55.000€ de achega municipal, suma un total de 275.000€

www.novasdoeixoatlantico.com

mimate
SALUD NATURAL & TÉS DEL MUNDO
www.mimatesaludnatural.com

Rúa Antonio Palacios, 36 - O PORRIÑO
Telf: 886 12 83 85 - Pedidos : 662 41 57 56

PN Verónica Bastos
POWER NUTRITION

Rúa Doutor Paz Varela, baixo. Teléfono 667 34 52 99. 34400 - O PORRIÑO
@ Power_nutrition_asesoramientos

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril

- OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
- TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
- PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
- ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO

Teléfono 630 485 211 obrasmga@hotmail.com

SALCEDA DE CASELAS

O Carreiro do Rollo xa é un espazo de encontro veciñal

Alcaldesa Loli Castiñeira, en presenza dos colectivos sociais e da veciñanza, inaugurou para o espazo público o Carreiro do Rollo, definido por ela mesma como un "espazo multixeracional" para o encontro e o disfrute dos veciños. No acto de inauguración deste novo espazo onde se descubriu unha placa conmemorativa tamén participaron os redactores do proxecto, Carlos Álvarez e Suso Varela (Mun Arquitectura).

A recuperación da zona supón tamén a eliminación dun punto negro recollido no mapa que destes puntos elaborou fai anos a Concellaría de Igualdade; así aparece un espazo aberto e iluminado a través dunha nova pequena



praza para a veciñanza.

O Concelleiro de Mobilidade, Marcos Troncoso, realizou un percorrido histórico pola importancia do camiño, que entroncaba coa Vereda Real Tui-Salceda-Pontea-

reas, e que comunicaba tamén co Porriño polo barrio de Altamira. Coa apertura dos novos viais, o carreiro foi quedando en desuso, e nos últimos anos presentaba un aspecto demasiado deteriorado.

A cultura urbana ten a súa cita na Revolta Fest

Este 1º de xuño dará inicio en Salceda de Caselas o festival A Revolta Fest, que tras unha década de existencia pretende nesta edición acadar un maior impacto e repercusión a nivel internacional.

Como principal actividade, o festival contará co Break Dance, este ano incluída como disciplina nos Xogos Olímpicos. Haberá un taller gratuito para os rapaces e rapazas e o campionato profesional, "Who Rules International", polo que xa pasaron por Salceda numerosos/as representantes olímpicos/as de diversos países, como Brasil, Francia, Finlandia, España....



Nun entorno natural, e de espectacular beleza, na actualidade o Festival celébrase no Parque

Raiña Aragonta. O festival manterá o acceso ao público de maneira libre e gratuíta.

PSOE: "a liña do goberno municipal é desnortada"



A voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE de Salceda, Verónica Tourón, considera que Movemento Salceda continúa a manter a "liña de goberno desnortado que se iniciou dende que arrancou a actual lexislatura" sen atender os temas que demanda a veciñanza.

Destacan aquí a elaboración dos orzamentos municipais, a concreción dos axustes que se deben facer nos gastos municipais conforme ao Plan de Axuste

asinado, ou as propostas de desenvolvemento das diferentes dotacións municipais para unha mellor prestación dos servizos públicos municipais. Tamén criticou a proposta de recuperación das fachadas do antiga Praza de Abastos porque "non procede nun momento económico complexo para as arcas municipais". "Este é un goberno que ten moita 'fachada' pero ningún contido detrás, ningunha idea, ningún proxecto para Salceda" sentenciou Tourón.

Plan Anual de Desbroces



O Concello vén de rematar a primeira fase do seu Plan Anual de Desbroces que botou a andar no mes de febreiro cun orzamento de 36.000€ dentro do Plan +Provincia da Deputación. A cantidade de quilómetros desbrozados en viais e

camiños municipais ronda os 190 kms, ademais de preto de 8 kms en sendas (5,5 Senda do río Caselas, 1,7 kms Senda do río Landres e 400 m da senda da Lagoela) A segunda fase do Plan irá polas parroquias de Santa María, San Xurxo e Picoña.

Bodas - Comunións
e todo tipo de celebracións

Teléfono 986333404
info@restaurantemanolo.es
Antonio Palacios 101
A52 - Salida 305 - PORRIÑO

Manolo
RESTAURANTE

50 anos de fidelidade celtista

Cumprindo coa súa cita anual, Marián Mouriño, presidenta do Real Club Celta, impuxo as no estadio Abanca Balaídos as Insignias de Ouro do club a 55 leais celtistas que cumpriron 50 anos de antiñidade como abonados.

"Sodes o exemplo do futuro celtismo" asegurou a presidenta antes de inmortalizar a tradicional foto de familia xunto con conselleiros, capitáns do primeiro equipo e representantes do club, entre os que destacaron figuras actuais como Iago Aspas, Kevin Vázquez e Iván Villar e lendas do club como Atilano Vecino, Vlado Gudelj, Vicente Álvarez e Sergio Álvarez. Entre os 55 abonados homenaxeados destaca o ponteareán Manuel D. Davila Sobral.



O ponteareán Manuel D. Davila Sobral.

Unha "excelente" XXI edición do Festival de Cans



Máis de 12.000 persoas pasaron pola XXI edición do Festival de Cans, que tivo lugar nesta aldea de O Porriño, entre o martes 20 e o sábado 25 de maio, un dato considerado "excelente" pola organización.

A curta "O Frío" de Pablo Dopazo foi a gran triunfadora con tres premios. O Festival tivo un remate espectacular no Espazo Estrella Galicia da Leira do Río, coa actuación de The Rapants

ante 2.000 persoas. Tamén destacaron as actuacións de Su Garrido no Espazo Rei Zentolo; o multitudinario coloquio co cineasta David Trueba, ao que asistiron máis de 300 persoas; a colocación da estrela á Premio Pedigree María Vázquez coa presenza do Ministro de Cultura Ernest Urtegas e a Vicepresidenta do Goberno Yolanda Díaz. Outros dous momentos cargados de emoción foron os da homenaxe a Kepa Junkera e á actriz Janet Novás.

Concellos galegos gañan o Concurso de murais 'People & Planet'

Catro obras promoverán a protección do recurso hídrico nos Concellos de Moeche, Poio, Verín e Viveiro tras gañar o Concurso de Murais 'People & Planet' enmarcado na Axenda 2030.

As propostas de Mikel Erkiaga, Isa Bermúdez, Noé Peiró e Raúl del Carmen resultaron ser as que mellor ilustran o Obxectivo de Desenvolvemento Sostible número 6, que chama a "garantir a dispoñibilidade de auga e a súa xestión sustentable e o saneamento para todas as persoas". As e os muralistas terán a oportunidade de presentarlle as súas propostas á mocidade dos municipios onde interveñan, podendo



recoller as súas ideas e integralas nun pintado colectivo.

Unha viaxe sostible a Cabo Verde volve ser o premio nesta segunda edición do certame, con-

vocado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e cofinanciado polo programa DEAR da Comisión Europea.

Toponimizate 2024 percorrerá doce Concellos

A campaña de divulgación da toponimia galega Toponimizate. Falámosche dos nomes da túa terra volverá percorrer neste 2024 as catro provincias galegas na procura de persoas e entidades que se sumen aos milleiros de colaboradores que están a participar na recolla de nomes de montes, leiras, fontes, camiños, regos, devesas e outros microtopónimos a través da plataforma Galicia Nomeada e da súa aplicación para dispositivos móbiles.

Coordinada e desenvolvida pola RAG e financiada pola Xunta,

a campaña dará a coñecer a orixe e o significado de máis de 1.300 topónimos pertencentes aos doce concellos seleccionados: Camariñas, Tordoia e Boiro na provincia da Coruña; Abadín, Antas de Ulla e Lánchara en Lugo; Cualedro, Vilar de Santos e A Arnoia en Ourense; e Salceda de Caselas, Barro e A Illa de Arousa en Pontevedra.

Dende a primeira edición de Toponimizate en 2017, máis de 5.000 persoas participaron nas charlas impartidas por todo o país, apuntou o filólogo da RAG encargado de impartilas.

A VOZ GALEGA EN EUROPA

CON ANA MIRANDA

